

COMITÉ de EMPRESA DE ATENTO A CORUÑA

INFORMA:

18 de decembro de 2018

ATENTO INCUMPRE O PACTADO. RETOMAMOS AS MOBILIZACIÓNS!!

Como sabedes, o 17 de outubro pasado asinamos coa empresa un acordo sometido ao procedemento do AGA (solución extraxudicial de conflitos). Pasaron dende entón xa dous meses e varias reunións coa empresa e a nosa paciencia e boa fe teñen un límite, máis cando Atento decidiu impoñernos un protocolo de vacacións que incumpre o acordado para o persoal do centro de traballo da Coruña (o punto 5 do acordo di que *"A dirección da empresa comprométese a negociar de boa fe o calendario de vacacións de 2019, así como a respectar escrupulosamente o establecido no convenio colectivo de aplicación para o caso de que aquel non sexa posible"*). Non é o único incumprimento pero si o máis notorio, inmediato e prexudicial.

Ademais do novo conflito coas vacacións, seguimos sin ter formación de novos servizos e produtos, nin reciclaxes, seguimos tendo que loitar para que dean formación ás reincorporacións, e xa parece que van arranxar todo con "autoformacións". Cos tempos administrativos ou entre chamadas que reclamabamos, para o que dixeron que ían facer uns informes para avaliar unha posible solución... Sacaron uns cadros nos que dan a entender que estamos sen atender chamadas sobre unha terceira parte da xornada, e que con iso é dabondo.

Por todo isto o comité de empresa convoca paros para os vindeiros 24 e 31 de decembro, xa que parece que é a única linguaxe que entenden Atento e Movistar.

OS VINDEIROS DÍAS 24 E 31 DE DECEMBRO

**PAROS DE 24 HORAS
MOBILIZATE E LOITA!!!**

CONTRA AS SÚAS AFRONTAS, A NOSA UNIÓN!!